

BULLYING VERTICAL: O DEFENSOR DO PROFESOR

José Domínguez Alonso
Ceip de Sandiás
jdalonso@edu.xunta.es

Antonio López Castedo
Universidade de Vigo
alopez@uvigo.es

Resumen

Preténdese dar a coñecer un servizo de atención inmediata e gratuita para docentes e alumnado vítimas de situacións de conflictividade e violencia nas aulas e centros educativos posto en marcha desde o 2005 na provincia de Ourense. O defensor do profesor xurde pola necesidade de erradicar a violencia escolar e crear entornos educativos axeitados de ensinanza-aprendizaxe. En canto a tipoloxía dos casos atendidos desde este servizo, predominan en maior medida as dificultades para dar clase, as denuncias por parte dos pais e a falta de respaldo por parte da Administración. Ao mesmo tempo, realízase unha investigación que pretende coñecer a situación dos docentes nos centros educativos ante os problemas de convivencia. Os resultados obtidos amosan un profesorado con dificultades para impartir clase que produce desmotivación no traballo docente afectándolle negativamente a súa saúde persoal. Engadir ademáis, que a maior parte da conflictividade recae nas actitudes familiares e nunhas medidas disciplinarias, procedementos e mecanismos de resolución de conflitos insuficientes arroupados por unhas normativas sobre dereitos e deberes do alumnado que deben modificarse.

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos, o deterioro da convivencia e o avance da conflictividade nos centros de ensino, sobre todo nos de secundaria, é evidente (Aber & Jones, 2003; Blaya, Debarbieux, Del Rey-Alamillo & Ortega, 2006; Marchesi, 2005; Monclús & Saban, 2006; Smith, 2003; Uruñuela, 2006). Erradicar os brotes de conflictividade escolar e crear contornos apropiados para a formación do alumnado, é responsabilidade dos educadores e das familias, pero tamén das Administracións educativas e da propia sociedade, pois non se debe esquecer que os conflitos están presentes non soamente no eido educativo senón que tamén no ámbito social. Atopámonos pois, nun momento en que cada vez é máis urxente mellorar a convivencia nos centros educativos para realizar as tarefas docentes sen sobresaltos nen atropelos, adoptando medidas que permitan a gobernabilidade dos mesmos, e artellando respostas en favor dunha convivencia positiva como elemento unificador, constructor e favorecedor do traballo dentro e fora das comunidades educativas.

Neste contexto, a forma en como se perciben, asumen e afrontan os problemas de disciplina nos centros de ensino é unha das claves do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Toda convivencia entraña dificultades, pero existe un tipo de alumnado que polas súas características ou

condicións persoais, familiares e sociais, teñen unha maior conflictividade (Díaz-Aguado, 2005; Monclús, 2005; Olweus, 1998; Pellegrini, Bartini & Brooks, 1999; Xunta de Galicia, 2007), aínda que tamén a propia escola pode incentivar as situacións conflictivas (cadro 1).

CADRO 1. Condicións persoais, familiares e escolares que poden propiciar situacións de conflito

A NIVEL PERSOAL
<ul style="list-style-type: none">- Situación social negativa, impulsivos cunha tendencia a abusar da súa forza e con poucas habilidades sociais, ademais de baixa tolerancia á frustración e con dificultades no cumprimento das normas.- Relacións negativas nas relacións con adultos e baixo rendemento académico.- Xurden problemáticas persoais que se incrementan coa idade.- Acontuman a ser persoas con escasa capacidade de autocritica e autoestima media-alta.- Os trastornos por déficit de atención con hiperactividade (TDA-H), comportamentos oposicionistas desafiantes, conduta disocial ou transtornos de ansiedade.
A NIVEL FAMILIAR
<ul style="list-style-type: none">- Falta dunha relación afectiva cálida e segura por parte dos pais.- Fortes dificultades para ensinar e facerlles entender os límites, combinando a permisividade ante condutas antisociais co emprego de métodos autoritarios e coercitivos, utilizando en moitos casos o castigo corporal.- Menor coñecemento e dispoñibilidade de estratexias non violentas para resolver os conflitos.
PROPIAS DA ESCOLA TRADICIONAL
<ul style="list-style-type: none">- Incoherencia e currículo oculto respecto á conflictividade. Tendencia a minimizar a gravidade das agresións entre iguais.- Tratamento tradicional dado á diversidade, actuando como se non existira.- Insuficiencia da resposta que a escola tradicional da as situacións conflictivas nos centros escolares, normalmente deixase as vítimas sen axuda necesaria para saír da situación que os agresores poden interpretar como un apoio implícito.

Elaboración propia.

Un número importante de estudos, organizacións e investigacións (Cangas, Gálquez, Pérez-Fuentes, Padilla, & Miras, 2007; Defensor del Pueblo-Unicef, 2007; Organización Mundial de la Salud, 2003; Piñuel & Oñate, 2007) sinalan como principal escollo no desenvolvemento do exercicio profesional docente os problemas de comportamento e disciplina do alumnado. Nesta mesma liña, Barri (2006), sostén que existen situacións que poden propiciar a potenciación de

condutas que dificultan ou impiden o normal desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe e/ou a convivencia nas comunidades educativas (cadro 2).

CADRO 2. Situacións que propician as actitudes disruptivas

-
- A tendencia, social e familiar, a consentir certas actitudes desadaptadas.
 - A acomodación a estas situacións producíndose unha normalización do habitual.
 - A excesiva sobreprotección por parte dos pais.
 - A diminución do tempo de contacto entre pais e fillos.
 - O aumento de estímulos e da cantidade de información que chega aos máis pequenos.
 - Os fenómenos asociados a novas problemáticas sociais, como o pandillismo e a pertenza a bandas xuvenis.
 - A diminución da valoración social do docente.
 - O feito de que as leis educativas sexan moi tolerantes.
 - A falla de recursos reais (humáns, formativos, materiais, económicos) para reeducar estas actitudes.
 - Falla de cohesión nos equipos docentes.
 - Diminución da calidade do posto de traballo.
 - Falla dun pacto educativo entre todos os partidos.
 - A escasa valoración do sistema educativo que fan algunhas familias.
-

Elaboración propia (Barri, 2006).

Asimesmo, aínda que a incidencia da conflitividade no ámbito escolar é diversa e ven diferenciada por niveis educativos (idade do alumnado), o profesorado denuncia a dificultade para encauzar algún alumno ou grupo de alumnos que reiteradamente non respecta as normas establecidas, non obedece, non presta atención e sobre todo fai un nulo esforzo por realizar calquer tipo de tarefa educativa. Lamentablemente, estes esperpénticos episodios de acoso, insultos, ameazas, denuncias, agresións, non se ciñen exclusivamente ó alumnado, senon que os pais (co seu instinto protector) tamén participan nesta situación de bullying vertical que afecta ao profesorado. Neste entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante e ofensivo cara o profesorado tamén se poden incluír, en menor medida, a Administración, inspección, equipos directivos e os propios compañeiros (bullying horizontal) do centro (Gráfico 1).

GRÁFICO 1. Bullying vertical ao profesorado



Elaboración propia

A diario, o profesorado vese desbordado ante tantas e tantas situacións das que debe ocuparse, e para poder intervir nestes e noutros casos debe contar co apoio da administración e ter capacidade de intervir para cortar de raíz as conductas disruptivas que tan frecuentemente se producen nos centros. Podese decir que o bullying vertical tamén afecta os docentes (Tresgallo, 2008) impedíndolle dar clase, dificultando o exercicio da súa profesión, producindo un descontento no seu posto de traballo, solicitando baixas por estrés e depresión, en forma de xubilacións anticipadas, e incluso sufrir o síndrome do profesor queimado (*burn-out*). O incremento dos problemas e as dificultades para poder impartir as clases e levar a cabo o proceso de ensinanza-apendizaxe, repercute directamente no profesorado, na súa motivación, no clima da aula, nas relacións co alumnado e incluso na merma progresiva da calidade educativa. A súa vez, están xurdindo condutas perturbadoras, adoptando formas moi diversas que van desde as verbais (insultos, motes...), pasando polas psicolóxicas e as sociais (illamento...), ata chegar, cunha menor incidencia, as físicas (empurróns, patadas, puñetazos...).

Para facer fronte a este tipo de situacións, xurde *o defensor do profesor*, un servizo de atención inmediata e gratuita para os docentes vítimas de situacións de conflictividade e violencia nas aulas posto en marcha dende unha organización sindical independente nas catro

provincias galegas (tamén a nivel de todo o estado español). O citado servizo pretende ser unha canle de denuncia, apoio e difusión da situación que, dalgún xeito, sufren algúns docentes no desempeño do seu traballo. Consta dun teléfono de axuda atendido por un equipo interdisciplinar ininterrumpidamente e, se a situación o require, do apoio administrativo e profesional que a infraestrutura pode prestar, e do asesoramento e apoio do servizo xurídico da organización nos casos de ser necesario. O seu funcionamento consiste en escoitar ó profesor, avaliar a situación de conflitividade, intentar resolver esa situación de non convivencia, reflectir estadisticamente os datos xerais obtidos, confeccionar informes analizando a incidencia dos feitos, as súas causas e repercusións, ademáis de demandar das administracións campañas de concienciación (a sociedade, familias, xóvenes) dun plan de choque contra a disrupción escolar, arbitrando medidas oportunas para mellorar a convivencia e rematar coas agresións nos centros. Ademáis pretende ser unha primeira medida de apoio ante a indefensión do profesorado e constituir unha chamada máis de atención á sociedade sobre a problemática da convivencia escolar.


A acollida deste servizo entre o profesorado é moi boa, como o demostra o elevadísimo número de chamadas recibidas. Os casos atendidos polo *defensor do profesor* no Estado español no curso 2007/08 ascenden a 3.419, mentres que en Galicia nos tres anos transcurridos é de 453 máis 42 derivados ao servizo central do defensor de Madrid ([www. defensordoprofesor.com](http://www.defensordoprofesor.com)). Como principais síntomas de indefensión do profesorado ante a conflitividade escolar detectados, sinalar a:

- Perda de tempo enorme en cada sesión de clase en acadar un mínimo de silencio e actitude de traballo, e en mantela ao longo de cada sesión.
- Imposibilidade de reaccionar ante un insulto, por grave que sexa, cunha sanción inmediata. Ao rematar a clase, débese comezar un proceso administrativo.
- Inxustiza no tempo que se perde adicado ao alumnado conflitivo en perxuízo do que desexa aprender.
- Cuestionamento nas decisións do profesor. Débense xustificar actitudes como a esixencia, seriedade e fomento do estudo ante unha incomprensión xeral que resulta frustrante.
- Tomar decisións serias e coherentes sobre o funcionamento da clase resulta imposible e complicase coa interminable serie de procedementos burocráticos correspondendolle a última palabra ao Consello Escolar.
- A repercusión destes conflitos na saúde obriga a recurrir a baixas que distorsionan o funcionamento do centro e perxudican ao alumnado.

En síntese, sinalar como problemas máis asiduos aos que teñen que enfrontarse os docentes son os relacionados co alumnado (problemas para dar clase, agresións, ameazas, grabacións, fotos, danos a propiedades e pertenzas, insultos), cos pais (agresións, insultos, ameazas, denuncias), a nivel laboral (departamentos e ciclos, accións ou omisións dos equipos directivos), rendemento académico (presións para modificar notas, documentos dos centros), administración e inspección (falta de respaldo), e tamén as derivadas do propio servizo (cadro 3).

CADRO 3. Tipoloxía de casos atendidos

TIPOLOXÍA DE CASOS ATENDIDOS

- Problemas para impartir clase (30%)
 - Denuncias de pais (16%)
 - Falta de respaldo da Administración (15%)
 - Acoso e ameazas do alumnado (9%)
 - Acoso e ameazas de pais (9%)
 - Acoso ou mobbing por parte de compañeiros/equipos directivos (7%)
 - Presións para modificar as notas (5%)
 - Danos causados a propiedades ou pertenzas (5%)
 - Agresións de pais ou familiares (4%)
- 

Elaboración propia

O obxectivo deste traballo é reflectir a situación real do fenómeno da conflitividade escolar nos centros educativos orensanos desde o punto de vista do profesorado, ademáis de percibir como afrontan as situacións disruptivas que están sufrindo no desempeño da súa función docente. Tamén se pretende dar a coñecer o novo servizo do defensor do profesor creado na provincia de Ourense.

MÉTODO

Mostra

A primeira mostra quedou formada por 616 profesores (táboa 1).

Nivel que imparte	Infantil e Primaria	293	47,6%
	Secundaria	323	52,4%
Sexo	Mulleres	408	64,6%
	Homes	208	35,4%
Idade	>35 anos	146	23,7%
	<35 anos	470	76,3%

TÁBOA 1. Mostra 1

Elaboración propia.

A segunda mostra estivo formada por 206 mestres (táboa 2).

Nivel que imparte	Primaria	116	56,3%
	Secundaria	90	43,7%
Idade	Menos de 30 anos	73	35,4%
	De 30 a 40 anos	81	39,3%
	De 41 a 50 anos	29	14,1%
	Máis de 50 anos	23	11,2%
Situación Laboral	Substituto/Interino	99	48,1%
	Provisional	47	22,8%
	Definitivo	60	29,1%

TÁBOA 2. Mostra 2

Elaboración propia.

Instrumento

Utilizáronse dous cuestionarios construídos *ad hoc* e compostos por 14 ítems o primeiro e 10 ítems o segundo. Constan de tres ítems iniciais de datos persoais e profesionais, e os demais de resposta pechada. Presentan unha estrutura similar con altos índices de fiabilidade ($\alpha = .95$; $\alpha = .84$). Indáganse, entre outros, os seguintes aspectos: a influencia da conflictividade do alumnado no bo funcionamento dos centros educativos e nas tarefas docentes, a formación e tipo de respostas do profesorado e do centro diante das situacións problemáticas de convivencia, e as pautas de intervención que poñen en marcha e que consideran máis axeitadas.

Procedemento

A estratexia básica de aplicación neste estudo consistiu en administralo persoalmente os centros, facendo constar a participación anónima, voluntaria e a confidencialidade da información. A primeira enquisa foi realizada no curso 2006/07, e a segunda no curso 2008/09.

RESULTADOS

Efectuase unha análise das porcentaxes optidas nos ítems relacionados coa conflitividade escolar segundo a opinión do profesorado.

Resultados coa mostra 1

Neste primeiro cuestionario (táboa 3), un 60,7% dos enquisados afirma atopar a veces dificultades para impartir clase con normalidade, mentres que un escaso 7,3% as atopa constantemente. Un 25,5% privilexiado non as atopa nunca. Os resultados acadados neste ítem son similares os optidos noutras provincias e comunidades [Madrid: 63,4% (a veces), 23,4% (constantemente), 13,4% (nunca)]. Asimesmo, o feito de que un 50,3% dos docentes recoñeza que a conflitividade escolar o desmotiva no seu traballo, constitue un grave indicador de diagnóstico que acusa ao noso sistema educativo. Tamén na Comunidade Autónoma de Madrid a porcentaxe de docentes que recoñece desmotivación por causa da conflitividade escolar é similar (58,3%).

TÁBOA 3. Resultados do cuestionario sobre a conflitividade escolar desde o punto de vista do profesorado (mostra 1)

ITEMS	PORCENTAXES
<i>Atopas dificultades para impartir clase con normalidade?</i>	Nunca: 25,5%
	A veces: 67,7%
	Constantemente: 7,3%
	NS/NC: 6,5%
<i>A conflitividade nas aulas onde imparte clase, desmotiva o seu traballo?</i>	Si: 50,3%
	Non: 34,1%
	NS/NC: 15,6%
<i>Cree que as dificultades no desempeño do seu traballo afectan negativamente na súa saúde?</i>	Si: 68,2%
	Non: 31,8%
<i>Cree suficientes as medidas disciplinarias actuais para os alumnos máis conflictivos?</i>	Excesivas: 0%
	Suficientes: 11,4%
	Insuficientes: 88,6%
<i>Cómo valora os mecanismos para resolver as situacións conflictivas no seu centro?</i>	Moi satisfactorias: 15,3%
	Suficientes: 24%
	Insuficientes: 55,2%
	NS/NC: 5,5%
<i>Pensas que debe modificarse as normativas sobre os dereitos e deberes do alumnado?</i>	Si: 89,3%
	Non: 10,7%
<i>A maior parte da responsabilidade na conflitividade escolar corresponde a ...</i>	Actitude familiar: 27,6%
	Crise de valores: 24%
	Medios de comunicación: 13%
	Características do alumnado: 10,4%
	Desprotección docente: 14,8%
	Erros no sistema: 10,1%
	Outros: 0,1%

Os datos evidencian que un 68,2% dos mestres recoñece dificultades no desempeño do seu traballo, as cales repercuten negativamente na súa saúde. Na Comunidade Autónoma de Madrid chega a un elevadísimo 80%. Da mesma maneira, un contundente 88,6% dos enquisados sostén que as medidas disciplinarias actuais son insuficientes para os alumnos máis conflictivos (en Madrid un 83,4% cree que son insuficientes). Engadir tamén, que a metade dos enquisados consideran os mecanismos de resolución de conflitos nos seus centros como insuficientes (55,2%), Intindo que a resolución da conflictividade escolar basease nos plenos poderes do Director coa única esixencia de informar ao Claustro e o Consello Escolar, non é adecuada. O 89,3% dos mestres participantes enquisados considera que deben modificarse as normativas sobre os dereitos e deberes dos alumnos (en Madrid o 88,3%).

Finalmente, a obtención de porcentaxes similares no último ítem “a responsabilidade na conflictividade escolar corresponde a ...”, deixa claro que as causas da violencia escolar son complexas, múltiples e variadas. Os valores máis altos recaen nas familias (27,6%), seguida da crise de valores (24%) e a desprotección docente (14,8%). A Comunidade madrileña mantén a mesma liña, un 23,9% na familia e un 20,2% na desprotección docente.

Resultados coa mostra 2

Os datos acadados na segunda enquisa, indican unha perda progresiva de prestixio social e profesional dos docentes, insistindo novamente na falla de disciplina nos centros de ensino (táboa 4).

TÁBOA 4. Resultados do cuestionario sobre a conflictividade escolar desde o punto de vista do profesorado (mostra 2)

ITEMS	PORCENTAXES
<i>Opinas que a profesión docente ten o prestixio social e profesional que tiña antano?</i>	SI: 12,6% NON: 87,4%
<i>Cres que o clima que impera nas aulas galegas é o adecuado para poder impartir docencia con eficacia?</i>	SI: 20,4% NON: 79,6%
<i>Consideras que a falta de disciplina nas aulas é a causa principal de deterioro educativo?</i>	SI: 85% NON: 15%
<i>Cal dos seguintes aspectos valoras como máis importante para mellorar a práctica docente?</i>	Prestixio profesional: 45,6%
	Soldo: 2,9%
	Medios materiais: 28,2%
	Rateos: 23,3%

A análise efectuada sinala a falta de disciplina nas aulas como a principal causa do deterioro educativo (85%), e a existencia dun clima inadecuado para impartir clase nas aulas galegas (79,6%). Asimesmo, un 87,4% do profesorado considera que a profesión docente non ten o prestixio social e profesional que tiña antano. Neste sentido, valoran o incremento do prestixio profesional (45,6%), dos medios materiais/persoais (28,2%) e a diminución das ráteos (23,3%), fronte aos salarios (2,9%), como máis importantes para mellorar a práctica docente.

CONCLUSIÓNS

O panorama educativo en España cambiou radicalmente nas dúas últimas décadas establecendose nel unha queixa xeralizada na maioría dos centros de ensinanza (sobre todo de secundaria) que se refire a dificultade ou nalguns casos imposibilidade de dar clase con normalidade (Cerezo, 2001; Martínez-Otero, 2005; Rodríguez, 2008). Emerxen pois neste novo panorama educativo actitudes como a insubordinación, as condutas disruptivas, as ameazas, os comportamentos antisociais, as groserías, a chulería, as agresións verbais e físicas... que producen no profesorado sensacións de impotencia, falta de autoridade e carencia de normativa axeitada para afrontar estas situacións. Estes feitos xa non se consideran illados, senón que se están incrementando e dan lugar a un certo grao de estrés e angustia no profesorado para acudir ó seu traballo.

Neste novo contexto, o profesorado está desbordado ante tantas situacións das que debe ocuparse que para poder intervir debe contar co apoio incondicional da administración e ter a capacidade de intervir para cortar de raíz as condutas disruptivas que frecuentan os centros de ensino (Del Rey & Ortega, 2001). Desde a perspectiva do bullying vertical, débese ser consciente da multidiscipliniedade da situación, e da complexa situación social e xurídica que supón a existencia do acoso. Un dos colectivos máis ostigados son os profesores. Existe unha certa tendencia a excluír da violencia escolar actuacións nas que participa o profesor como agredido, centrandose fundamentalmente no acoso entre iguais. Neste marco, é normal ver a alumnos, ex-alumnos, pais ..., que chegan a manifestarse violentamente contra o persoal docente.

Nos últimos anos aumentaron os problemas e as dificultades para poder impartir as clases e levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe (Campo, Fernández & Grisaleña, 2005; Romero & Caballero, 2008), fenómeno que repercute directamente no profesorado, na súa motivación, no clima da aula e sobre todo nas relacións co alumnado. Ao mesmo tempo, aparecen conductas de agresión os docentes que adoptan formas moi diversas, desde as agresións físicas (en menor medida) ata as psicolóxicas, chamando a atención as situacións de

acoso que vive o profesorado, o que leva a Zabalza (2002) a afirmar que existe certa alarma social respecto á violencia na escola, sobre todo no profesorado que non sabe como facerlle fronte. De feito, un número importante de mestres situán nos problemas de comportamento do alumnado o principal atranco que atopan no desenvolvemento do seu exercicio profesional (Oñate & Piñuel, 2005, 2007). Evidentemente, un dos factores que dificulta o desenvolvemento da actividade docente, son os propios alumnos, que veñen as clases envalentonados atrevéndose de maneira descarada non só a cuestionar o traballo docente senon incluso a chegar a descalificar, ameazar e ata agredir ao profesorado. Xurde así, un tipo de acoso que sufren algúns profesores por parte de alumnos hábiles no uso das relacións de dominación-sumisión que son capaces de sometelos co beneplácito do grupo-clase no cal acontece a situación, que se coñece co nome de bullying vertical.

Un dos principais problemas é que se acepten universalmente estas condutas disruptivas e teñamos que sufrilas sen poder defendernos delas, provocando como consecuencia desta aceptación que deriven noutras condutas novas, entrando nun círculo vicioso que derive nun clima de descontrol e inseguridade. Os datos obtidos no estudo mostran:

- A existencia de situacións de indisciplina nos centros de ensino (maiores nos centros de secundaria) que impiden o profesorado impartir clase con normalidade.
- A conflictividade nos centros desmotiva ao profesorado no seu traballo e afectalle negativamente a súa saúde.
- O mecanismo de resolución das situacións conflictivas é, a todas luces, insuficiente, ao igual que as medidas existentes na actualidade para o alumnado conflictivo. Considérase ademáis que as normativas existentes sobre os dereitos e deberes do alumnado deben modificarse.
- A profesión docente está perdendo prestixio co paso dos anos o cal ten un efecto negativo na labor educativa.
- O clima social que impera nas aulas galegas non é o axeitado para impartir docencia con eficacia, valorando á falta de disciplina como a principal causa do deterioro educativo.
- Estiman como aspectos fundamentais para mellorar o ensino, a actitude e responsabilidade familiar, incremento do prestixio profesional e social docente, o aumento de medios, e un maior apoio por parte da Administración.

Como síntese final, as conclusións que derivan dos resultados das enquisas corroboran ao defensor do profesor como un servizo de atención inmediato para os docentes vítimas de situacións de conflictividade nos centros de ensino, ademáis de converterse nun observatorio permanente sobre a temática de convivencia escolar e defensa continua do profesorado.

Pretende además, convertirse nun fondo de recursos e iniciativas, tanto preventivas como de intervención, orientadas a mellora da convivencia.

BIBLIOGRAFÍA

- Aber, L. & Jones, S. (2003). Developmental trajectories toward violence in middle childhood: course, demographic differences and response to school-based intervention. *Developmental Psychology*, 39 (2), 324-348
- Barri F. (2006). *SOS BULLYING: Prevenir el acoso escolar y mejorar la convivencia*. Praxis: Monografías Escuela Española.
- Blaya, C.; Debarbieux, E.; Del Rey- Alamillo, R. & Ortega, R. (2006). Clima y violencia escolar. Un estudio comparativo entre España y Francia. *Revista de Educación*, 339, 293-315.
- Campo, A.; Fernández, A. & Grisaleña, J. (2005). La convivencia en los centros de secundaria: un estudio de casos. *Revista Iberoamericana de Educación*, 38, 121-145.
- Cangas, A.J.; Gálquez, J.J.; Pérez-Fuentes, M.C.; Padilla, D. & Miras, F. (2007). Evaluación de la violencia escolar y su afectación personal en una muestra de estudiantes europeos. *Psicothema*, 19 (1), 114-119.
- Cerezo, F. (2001). *La violencia en las aulas. Análisis y propuestas de intervención*. Madrid: Ediciones Pirámide.
- Defensor del Pueblo-Unicef (2007) *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria 1999-2006*. Madrid: Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo.
- Del Rey, R. & Ortega, R. (2001). Programas para la prevención de la violencia escolar en España: la respuesta de las comunidades autónomas. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 41, 133-145.
- Díaz-Aguadó, M. J. (2005). Por qué se produce la violencia escolar y cómo prevenirla. *Revista Iberoamericana de Educación*, 37, 17-47.
- Marchesi, A. (Dir.) (2005). La opinión de los profesores sobre la convivencia en los centros. Madrid: CIE/FUHEM.
- Martínez-Otero, V. (2005). Conflictividad escolar y fomento de la convivencia. *Revista Iberoamericana de Educación*, 38, 33-52.
- Monclús, A. (2005). La violencia escolar: perspectivas desde Naciones Unidas. *Revista Iberoamericana de Educación*, 38, 13-32.

- Monclús, A. & Saban, S. (2006). La violencia escolar: actuaciones y propuestas a nivel internacional. Mataró (Barcelona): Davinci.
- Olweus, D. (1998). *Conductas de acoso y amenaza entre escolares*. Madrid: Morata.
- Organización Mundial de la Salud (2003) *Informe Mundial sobre la violencia y la salud*. Ginebra: OMS.
- Pellegrini, A.; Bartini, M. & Brooks, F. (1999). School Bullyes, Victims and Aggressive Victims. *Journal of Educational Psychology*, 91, 216-224.
- Piñuel, I. & Oñate, A. (2005). *Informe Cisneros VII: Violencia y acoso escolar en alumnos de primaria, secundaria y bachiller*. Madrid: Instituto de Innovación Educativa y Desarrollo Directivo.
- Piñuel, I. & Oñate, A. (2007) *Acoso y violencia escolar en España*. Madrid: Instituto de Innovación Educativa y Desarrollo Directivo.
- Rodríguez, J. M. (2008). Los docentes ante las situaciones de violencia escolar. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 27, 11 (3), 32-39.
- Romero, G. & Caballero, A. (2008). Convivencia, clima de aula y filosofía para niños. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 27, 11 (3), 23-31.
- Smith, P.K. (coord.) (2003). *Violence in Schools: The response in Europe*. London: Routledge.
- Tresgallo, E. (2008). Violencia Escolar (“Bullying”): Documento para padres y educadores. *REOP*, 19, 3, 328-333.
- Uruñuela, P. (2006). Convivencia y conflictividad en las aulas. Análisis conceptual. En A. Moreno (Dir.): *La disrupción en las aulas: problemas y soluciones*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 17-45.
- Xunta de Galicia (2007). *Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Santiago de Compostela.
- Zabalza, M.A. (2002). La formación del profesorado ante la violencia y convivencia escolar. *Revista interuniversitaria de formación del profesorado*, 44, 139-174.

Páxinas web consultadas:

<http://www.defensordoprofesor.com/> (consulta realizada o 28 de maio de 2009)

<http://www.anpegalicia.com/> (consulta realizada o 04 de maio de 2009)

<http://www.anpesindicato.org/> (consulta realizada o 02 de abril de 2009)